

# Memoria de Actividades Proxecto Ríos 2022

**Memoria Actividades 2022**
Coordinación: Paco Bañobre
Realización: Paco Bañobre e Lucía Anido
Revisión: Fins Eirexas e Ramsés Pérez
Maquetación: Belén Rodríguez
Fotografía.: Ramsés Pérez,  Paco Bañobre e Alejandra González

**Proxecto Ríos**
Avd Castelao nº 20
15704 Santiago de Compostela
www.proxectorios.org

1. Introdución.

2. Memoria de actividades.

- Participación do voluntariado no Proxecto Ríos
- Saídas Formativas
- Charlas presentación do Proxecto Ríos
- Asistencia a xornadas e congresos
- Cursos de formación
- Campos de voluntariado do río Tea
- Encontro de Voluntariado
- Limpeza Simultánea de Ríos
- Life INVASAQUA
- Interreg DiaES
- Proxecto ‘*Fluviatilis: custodia para la resiliencia*’
- Co-dirección Traballo Fin de Grao
- Comunicación

3. Materiais editados.

4. Anexos.

- Memoria económica

# 1. Introdución

No ano 2005 comeza a andaina do Proxecto Ríos en Galicia que é coordinado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). A finalidade é dar a coñecer a situación ambiental dos nosos cursos fluviais, incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e ofrecer solución aos problemas asociados á auga e aos ríos. ADEGA pretende converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental. O Proxecto Ríos conta nesta ano 2021 coa colaboración de Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

A finalidade é dar a coñecer a importancia dos ríos e as problemáticas ambientais asociadas aos mesmos. O obxectivo xeral do Proxecto Ríos é ensinar e transmitir bos comportamentos aos cidadáns para a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

- En canto aos obxectivos específicos do proxecto, a relación é a seguinte:
- Mostrar aos participantes as responsabilidades ambientais que teñen con relación ás augas, como non contaminalas e axudar á súa conservación.
- Ensinar a identificar a flora e fauna dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, informando aos participantes do seu papel nese ciclo.
- Facilitar o material específico necesario e persoal indicado para realizar as inspeccións.
- Motivar para aprender a relacionar elementos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc.
- Dispoñer dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do Proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental e facilitar o acceso aos participantes.
- Fomentar a educación ambiental nos concellos, ofrecendo actividades para diferentes grupos sociais.

# 2. Memoria de actividades

## 2.1: Participación do voluntariado

En canto ás actividades desenvolvidas en 2022, continuouse cos obxectivos de consolidación da participación cidadá arredor dos cursos fluviais. Editouse o CalendaRío 2022 no que aparecen as actividades centrais do programa.

Participación do voluntariado no Proxecto Ríos

Na actualidade (novembro 2022) hai 248 grupos participando no Proxecto Ríos, que se distribúen por provincias, tal e como amosa a seguinte figura:




A progresión na participación está reflectida na seguinte gráfica:



A tipoloxía dos grupos participantes no Proxecto Ríos está representada na seguinte figura. Os piares fundamentais do proxecto son os centros de ensino, que en total (IES, CPI, CEIP e Universidade) suman o 53% do total. A continuación, as asociacións e os grupos de particulares son os máis abundantes. En 2022 continuamos colaborando co Plan Proxecta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Ao longo de 2021 e 2022 realizouse unha actualización da base de datos do Proxecto Ríos, polo que descendeu lixeiramente a participación dos grupos




## 2.2: Saídas formativas

As saídas formativas consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. As saídas formativas constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río e na que tamén se realiza o esquema do treito inspeccionado. Ao longo do percorrido aproveitase para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para contabilizar o patrimonio etnográfico e analizar os colectores que poidan aparecer no treito. O estudo dos colectores permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado así como tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de restos patrimoniais nos ríos galegos é moi elevada, por iso dende o Proxecto Ríos se lle quere dar unha especial relevancia ó estudo dos mesmos facendo fincapé nos usos tradicionais que posúen os ríos.

Na segunda parte da inspección se escolle un punto de mostraxe representativo do treito elixido onde se farán as análises e medicións dos parámetros fisicoquímicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos mídese a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia, así como o estado do bosque de ribeira (o cal se calcula a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. Nos parámetros químicos se miden o pH, a cantidade de nitratos e osíxeno disoltos na auga. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados presentes no substrato do río. Estes organismos son bioindicadores, o que permite avaliar a calidade das augas. En función

dos datos recollidos se asigna un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indica que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

Dentro da duración das saídas realizase tamén a pé de río unha presentación sobre o Proxecto Ríos, sobre a metodoloxía de inspección e sobre aspectos relevantes que teñen que ver cos ríos e a súa xestión.

En 2022 realizáronse as seguintes saídas formativas:

- 05/03/2022. Asociación Festibandeira (Silleda). Río Toxa.
- 15/03/2022. Asociación BATA (Vilagarcía). Río Con.
- 16/03/2022. CEIP Cabada Vázquez (A Estrada). Río A Regueira.
- 19/03/2022. Concello de Moaña. Río Rialdarca.
- 28/03/2022. IES Xunqueira II (Pontevedra). Río Lérez.
- 29/03/2022. IES de Brión. Río Pego.
- 3.0/03/2022. CEIP de Sigüeiro. Río Carboeiro
- 30/03/2022. CEIP Praia Xardín (Boiro). Río Coroño.
- 31/03/2022. Colexio Los Sauces (Pontevedra). Rio da Gándara.
- 20/04/2022. CEIP A Lama. Río Verdugo.
- 25/04/2022. Alumnos/as de Bioloxía UDC. Río Lagar.
- 29/04/2022. Alumnos/as de Bioloxía UDC. Río Lagar.
- 29/04/2022. CPI Mosteiro de Caaveiro (Monfero). Río Sesín.
- 30/04/2022. Asociación Bidueiro (Vigo). Río Lagares.
- 03/05/2022. IES Alfredo Brañas (Carballo). Río Anllóns.
- 03/05/2022. CEIP Xaquin Loriga (Lalín). Río Asneiro.
- 03/05/2022. CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis). Río Gallo.
- 10/05/2022. CEIP Carballedo (Cotobade). Río Almofrei.
- 11/05/2022. CPI O Cruce (Cerceda). Rego de Cabana.
- 12/05/2022. CPI de Pontecarreira (Frades). Río Tambre.
- 13/05/2022. IES Eduardo Pondal (Ponteceso). Río Anllóns.
- 19/05/2022. Asociación Érguete Vigo. Río Lagares.
- 25/05/2022. CEIP Mestre Xixirei (Santiago de Compostela). Río Sionlla.

- 26/05/2022. TFG Alumna Bioloxía UDC. Río Eume.
- 09/06/2022. CPI Cruz do Sar (Bergondo). Río Callou.
- 09/06/2022. Colaboración no Erasmus+ "*Exchange For a Cause*" do IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra). Presentación do Proxecto Rios e inspección no Río Sarela.
- 30/08/2022. CIFP San Paio do Monte (Santiago de Compostela). Río Sarela.
- 02/09/2022. IES San Lourenzo (Mondoñedo). Río Masma.
- 17/09/2022. Voluntariado do Concello de Foz. Río Centiño.
- 05/10/2022. CPI O Cruce (Cerceda). Rego de Cabana.
- 06/10/2022. IES Chano Piñeiro (Forcarei). Río Lérez.
- 08/10/2022. AAVV Río Sarela (Santiago de Compostela). Río Sarela.
- 11/10/2022. IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela). Río Sarela.
- 21/10/2022. IES Pedra da Aguia (Camariñas). Río Grande.
- 26/10/2022. CEIP Xaquín Loriga (Lalín). Río Asneiro.
- 28/10/2022. IES Rosalia de Castro (Santiago de Compostela). Río Sarela.
- 10/11/2022 Érguete Vigo. Río Lagares.
- 11/11/2022 CPI Fonte Díaz (Touro). Río Lañas.
- 12/11/2022. CC Ambientais UNED Pontevedra. Río Sarela.
- 15/11/2022. IES Antón Fraguas (Santiago de Compostela). Río Sar.
- 18/11/2022. Alumnos/as de Bioloxía da UDC. Río Lagar.

## 2.3: Charlas de presentación do Proxecto Ríos

Aínda que a páxina web e as redes sociais do proxecto son a canle de difusión por excelencia do mesmo, as charlas de presentación do Proxecto Ríos funcionan tamén como ferramenta de divulgación aínda que a finalidade última é que se formen grupos de voluntarios/as nunha zona concreta e traballen para mellorar a calidade dos ecosistemas fluviais da súa contorna.

As charlas consisten nunha presentación en PowerPoint onde se amosan os contidos do proxecto, os materiais a empregar nas inspeccións dos ríos, os pasos a seguir na realización das inspeccións, así como pautas para o correcto manexo dos materiais e actitudes positivas á hora de facer a saída ao campo. Logo, ábrese unha quenda de debate sobre aspectos que os asistentes consideren importantes relacionados cos ecosistemas fluviais.

Tamén, cando se concerta unha saída formativa cun grupo de voluntariado, se realiza unha introdución dos principios nos que se basea o proxecto, polo que podemos dicir que en cada saída formativa se fai tamén unha charla.

As conferencias con grupos ou entidades interesadas polo Proxecto Ríos foron no primeiro semestre de 2022 as seguintes:

07/06/2022. Charla no CEIP Xaquín Loriga. As Aves do Bosque de Ribeira.



## 2.4: Asistencia a xornadas e congresos

Dentro das actividades desenvolvidas pola equipa que integra o Proxecto Ríos, está a asistencia a xornadas e congresos que teñan nos seus contidos temas relacionados cos ecosistemas fluviais, a auga, o voluntariado e a educación ambiental. A participación nestes eventos pode ser formativa para os asistentes e/ou participativa, presentando as actividades desenvolvidas polo Proxecto Ríos, participando en mesas de traballo, etc…

No primeiro semestre de 2022 asistimos a:

20/01/2022. Facultade de Bioloxía da USC. Xornada de proba do xogo educativo sobre peixes migradores do proxecto Interreg DiadES.

5 – 8/05/2022. II Conferencia Xuvenil do LIFE Invasaqua. Allariz.

24/05/2022. Xornada sobre o World Fish Migration Day. Coto de Ximonde, río Ulla.

4 – 9/07/2022. Congreso Proxecto DiadES. Bordeux.

## 2.5: Cursos de formación

### XXXIV Curso de Formación para Coordinadores de Grupo do Proxecto Ríos. 23 de abril de 2022. IES de Brión (Brión)º



O pasado sábado, 23 de abril, celebramos o curso de primavera do Proxecto Ríos, que xa vai pola súa edición número 34. Realizouse nas instalacións do IES de Brión en Brión. Ás 10:30 foi a acollida dos/as participantes, e un cuarto de hora máis tarde daba comezo o curso de formación cunha introdución ao Proxecto Ríos a cargo de Ramsés Pérez e Paco Bañobre, que falaron sobre as actividades previstas, os materiais que se editaron a comezos de ano e o estado do Proxecto Ríos.

Logo, Ana Fernández, vogal de augas de ADEGA, impartiu unha conferencia sobre a importancia do bosque de ribeira para a conservación dos ecosistemas fluviais. Falou tamén sobre os índices que existen para avaliar a calidade destas masas de árbores.



A continuación, desprazámonos ata o río Pego para facer a recollida de macroinvertebrados que serían identificados despois no laboratorio do IES. O recoñecemento das diferentes familias fíxose empregando as fichas de identificación do Proxecto Ríos e o indicador de estado de saúde que utiliza o voluntariado.

Ás 14:30 chegou o momento da clausura do curso no que participaron 31 persoas.









## XXXV Curso de Formación para Coordinadores de Grupo do Proxecto Ríos. 01 de outubro de 2022. UNED Lugo.

O sábado, 1 de outubro, celebrouse o curso de outono do Proxecto Ríos, destinado as persoas Coordinadoras de grupos do Proxecto Ríos.

Foi esta a edición número 35 que desta volta realizouse nas dependencias da UNED de Lugo.

Tal e como se anunciou no programa o curso deu comezo ás 10:30 cunha acollida dos/as participantes, na que se lles entregou material. Un cuarto de hora máis tarde deu comezo a xornada de formación cunha introdución ao Proxecto Ríos a cargo de Ramsés Pérez no que tamén se comentou o programa do día. Posteriormente á presentación falouse sobre as actividades do Proxecto Ríos previstas, os materiais que se editaron a comezos de ano e o estado do Proxecto Ríos. Tamén se comentaron novas do Proxecto Ríos como a do Proxecto Fluviatilis concedido pola Fundación Biodiversidad e que se desenvolverá durante os vindeiros tres anos.




A continuación Catuxa Varela Dopico bióloga do grupo de investigación de Conservación de Peixes e Moluscos (Grupo CoPeMol) da USC e persoa experta nos mexillóns de río, e nomedamente na Margaritifera margaritifera, realizou unha charla sobre esta especie. Na mesma falouse da familia Unio e as especies que podemos atopar na Galiza para posteriormente pasar a falar do mexillón de río, o seu ciclo vital e as problemáticas as que se enfrenta esta especie presente no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. A charla rematou cunha serie de preguntas que levaron a un interesante debate.



A última parte do curso tiña unha parte máis práctica e estaba destinada á recollida de macroinvertebrados que serían identificados polos participantes. Ao pé do río Miño explicouse como proceder para a captura dos macroinvertebrados e a súa función no ecosistema fluvia. As persoas participantes procederon ao recoñecemento das diferentes familias empregando as fichas de identificación do Proxecto Ríos e o indicador de estado de saúde que utiliza o voluntariado. Para concluir a xornada fíxose unha posta en común expoñendo cales eran as familias atopadas e como proceder para dar a calidade ao río.

Ás 14:45 clausurouse do curso no que participaron 29 persoas.





## 2.6: Campo de voluntariado ambiental no río Tea

### Maio 2022



A fin de semana do 20 ao 22 de maio tivo lugar outra quenda dos campos de voluntariado para a eliminación da flora exótica invasora na contorna do río Tea. Neste campo centrámonos na eliminación das especies invasoras *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon*, *Phytolacca americana* e *Crocosmia x crocosmiiflora* cuxa presenza nas beiras deste río é abundante. Coa axuda das 12 persoas voluntarias que participaron nesta xornada conseguimos eliminar os rebrotes das zonas nas que se traballou en anteriores xornadas.

A xornada comezou o venres 21 en no albergue Alentea en Covelo onde nos hospedamos durante a xornada. Alí, Paco Bañobre impartiu unha charla informando sobre a problemática das especies exóticas invasoras así como a situación pasada e actual do río Tea con relación a estas e os traballos realizados estes últimos quince anos.



Na mañá do sábado desprazámonos ata o Foxaco, a medio camiño entre Covelo e Mondariz, por onde discorre o río Tea e cruzamos polos Pasos de Tatín.



Despois dunha camiñada ao longo do río chegamos a primeira das zonas intervidas en anos pasados. Esta estivo completamente inzada por manchas de *Acacia dealbata*, e alegrounos



ollar a ausencia de rebrotes e a presenza da flora autóctona comezando a repoboar a zona, deixando ao descuberto unha pequena praia fluvial. Esta mesma situación repetiuse en diferentes puntos a medida que continuabamos a nosa andaina ata chegar a dúas zonas con presenza de rebrotes.

O proceso de eliminación da *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon* consistiu en arrancar a planta de raíz, eliminando a maior raíz posible, ou realizando un anel de descortizado (eliminar parte da cortiza do tronco en forma de anel para promover o secado da planta e, finalmente, a súa morte) naqueles exemplares de maior porte. A xornada durou todo o día, regresando contentos do traballo realizado. Neste lugar foron eliminados varios pes de *R. pseudoacacia*.

## Setembro 2022

A fin de semana do 9 ao 11 de setembro tivo lugar outra quenda dos campos de voluntariado para a eliminación da flora exótica invasora na contorna do río Tea. Neste campo centrámonos na eliminación das especies invasoras *Acacia dealbata Phytolacca americana* e *Robinia pseudoacacia* cuxa presenza nas beiras deste río é abundante. Coa axuda das 14 persoas voluntarias que participaron nesta xornada conseguimos eliminar os rebrotes das zonas nas que se traballou en anteriores xornadas.



A xornada comezou o venres 9 en no albergue Alentea en Covelo onde nos hospedamos durante a xornada. Alí, Paco Bañobre impartiu unha charla informando sobre a problemática das especies exóticas invasoras así como a situación pasada e actual do río Tea con relación a estas e os traballos realizados estes últimos quince anos.



Na mañá do sábado desprazámonos ata Ponte Cernadelas, ao carón de Mondariz para iniciar o percorrido río arriba do treito de 3Km que o Proxecto Ríos ten custodiado.

Antes de cruzar a ponte medieval eliminamos dous pés de *Canna indica* e explicamos a metodoloxía

de traballo. A continuación foron retiradas varias tintureiras que estaban tamén ao carón da ponte.

Ao cruzar a ponte a actuación centrouse en eliminar os rebrotes de *R. pseudoacacia* que medraban dos restos das árbores cortadas pola cuadrilla de gardería fluvial que está a eliminar as falsas acacias no río Tea.

Seguidamente, percorremos o treito ata os Pasos de Tatín revisando os rebrotes de flora invasora nas zonas de actuación en quendas anteriores.

O domingo, para rematar, fixemos unha pequena visita á Rectoral de Barciademeda e o río Alén.

O roteiro do Alén, incluído dentro da rede natura 2000, destaca polo seu bosque de ribeira de amieiro (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e unha carballeira termófila caracterizada polo carballo (*Quercus robur*), loureiros (*Laurus nobilis*), silbardeiras *(Ruscus aculeatus*) e outra flora acompañante típica destas carballeiras, Un paseo que completou un fin de semana de traballo, descuberta e conservación da nosa biodiversidade natural.



## 2.7: XV Encontro de Voluntariado



O pasado sábado día 2 de xullo celebrouse en Carral a 15ª edición dos encontros de voluntariado do Proxecto Ríos. Estas actividades teñen como obxectivo compartir experiencias entre o voluntariado do proxecto arredor dos ríos.

En anos anteriores os encontros estaban destinados a coñecer diferentes actividades que os grupos desenvolven durante as súas inspeccións. Tamén se aproveitaba para realizar unha descuberta de biodiversidade por ríos que posúen un elevado valor natural.

Desta volta, quixemos facer unha actividades relacionada coa custodia do territorio, nomeadamente coa custodia fluvial. Fomos polo tanto a acompañar á Asociación Brexa, que realiza custodia nas fincas propiedade do concello de Carral e que están ao carón do río Brexa. O encontro deu para comentar e compartir as posibilidades de actividades que se poden desenvolver na contorna fluvial e que potencien a conservación do río.



Da man de Xosé, da Asoc Brexa, fomos percorrendo un pequeno treito do río Brexa. As persoas participantes realizaron pequenas tarefa de mantemento da marxe do río, onde se plantaran árbores do bosque de ribeira. Aproveitouse tamén para eliminar unha pequena mancha de *Crocosmia x crocosmiiflora* localizada na marxe do río.

Logo destas actividades realizouse un pequeno xantar de convivio onde se continuaron comentando as posibilidades que a custodia fluvial ofrece para a conservación dos ríos.

Ás 16:00 púxose fin ao XV Encontro de Voluntariado no que participaron 14 persoas.



## 2.8: XV Limpeza Simultánea de Ríos

### 955 persoas retiran máis de 8 Tn. de residuos na XV Limpeza simultánea de ríos do Proxecto Ríos



Fomos novamente moitas as persoas as que nos mollamos polos ríos na **XV Limpeza Simultánea**. Houbo grupos grandes e pequenos, de nenos e nenas e de maiores. Limpáronse grandes ríos e tamén pequenos regatos, pero todas e todos tiñamos o mesmo obxectivo: coidar os nosos ríos e concienciar á sociedade da necesidade de que estean ben conservados.

O domingo 25 de setembro de 2022 realizouse a **XV Limpeza Simultánea de Ríos** en **41 concellos** de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás **62 entidades**. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Verín, Tomiño ou Santiago de Compostela, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en **51 treitos de río** e participaron **955 persoas**.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións culturais, xuvenís, ecoloxistas, centros de atención á diversidade, scouts... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2022 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles, e outros voluminosos.

### Aínda se verten moitos residuos aos ríos

Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, unha valla de sinalización, entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc... As toalliñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia e tamén máscaras. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.

Algunha das entidades participantes, como a Asociación para a Defensa do Val do Liñares, notificaron a presenza dun vertedoiro no río Freán.

No reconto, calculamos que os residuos de tódolos concellos suman máis de **8 toneladas**, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, somos, por outra banda, unha masa de xente que axuda a concienciar á sociedade. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso facemos actividades como esta.

| Concello | Grupo | Voluntarios/as | Rio | Kg |
|---|---|---|---|---|
| A Estrada | Asoc. A Xesteira | 12 | Ulla | 150 |
| | Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares | 14 | Freán | 750 |
| A Guarda | Asoc. A Jalleira | 29 | Tamuxe | 400 |
| Allariz | CEA O Rexo | 9 | Arnoia | 100 |
| Ames | Aula da Natureza do Concello de Ames | 16 | Ameneiral | 50 |
| A Merca | Asoc. Xuvenil Xoldreira | 12 | Arnoia | 60 |
| Ares | Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta Catalina de Montefaro<br>Concello de Ares | 4 | Frades | 150 |
| As Pontes | Asoc. EuroEume | 18 | Eume | 100 |
| Baamonde | Cercud (Centro Cultural Recreativo e Deportivo) | 10 | Parga | 58 |
| Betanzos | Fragas do Mandeo | 20 | Mendo | 815 |
| Cangas | ADEGA-Morrazo + ANPA CEIP A Rúa | 40 | Bouzós e Saiñas | 315 |
| Castro de Rei | Asoc. Cultural e Deportiva Amigos do Miño | 28 | Miño | |
| Carballo | ADEGA Carballo | 3 | Anllóns | 60 |
| Carral | Asoc. Brexa | 15 | Barcés | Sen datos |
| Catoira | Ecoloxistas de Catoira<br>ANPA As Lombas | 18 | Catoira | 100 |
| Cenlle | Asoc. Veciñal Lentille | 7 | O Regheiro | 40 |
| Coruña, A | Oficina de Medio Ambiente da UDC | Sen datos | Lagar | |
| Fene | AETNA | 24 | Baa | 150 |
| | Asoc. Betula | | | |
| Folgoso do Courel | CPI UxíoNovoneyra | Sen datos | | |
| Gondomar | Voluntarios/as do Proxecto Ríos de Gondomar | 28 | Zamáns e Miñor | 200 |
| | Concello de Gondomar | 45 | Rasas | 1200 |
| Lugo | ADEGA Lugo | 4 | Rato | 150 |
| | UNED Lugo e Coidemos Lugo | 14 | | 200 |
| Marín | Grupo Cultural Ronsel | 20 | Loira | 80 |
| Meis | CPI Mosteiro-Meis | Adiada | | |
| | CEIP de Armenteira | 25 | Armenteira | |
| Negreira e A Baña | Asoc. Afonso Eanes e Asoc. Son Terra | 11 | Albariña | 100 |
| Nigrán | Concello de Nigrán / Oficina de Información Cidadá | 42 | Muíños | 150 |
| O Grove | IES As Bizocas | 20 | Bizocas | 50 |
| Ourense | Ecovixiantes de Franciscanas | 30 | Lonia | 227 |
| Padrón | Asociación Naturalista Hispella | 7 | Ulla | 25 |
| | Scouts Galicia | 13 | Ulla | 300 |
| Ponteareas | Plataforma pola Defensa do Tea | 23 | Tea | 700 |
| Pontevedra | Vaipolorío<br>Fundación Juan XXIII | 47 | Gafos | 75 |
| | Asoc. Quilombo | 19 | Valdecorvos | 50 |
| Rianxo | AAVV do Araño | 11 | Te | 95 |
| Ribadumia | Colectivo Ecoloxista do Salnés | 15 | Umia | 100 |
| Salceda de Caselas | Asoc. Trezecatorze | 38 | Landres | |
| Santiago de Compostela | ADEGA Compostela<br>Gentalha do Pichel | 20 | Sarela | 50 |
| | AFA Montessori | 16 | Sar | 100 |
| Teo | Concello de Teo | 8 | Tella | 100 |
| Tomiño | Concello de Tomiño. CEP Pedro Caselles. CEIP de Tebra. IES Anton Alonso Rios e Comunidade Terapéutica Alborada | 134 | Pego, Da Briña, Da Pedra e Cereixo | 141 |
| Valga | Muiño Didáctico de Campaña | 10 | Valga | 70 |
| Verín | Asoc. CDR Portas Abertas<br>Concello de Verín | 13 | Támega e Pequeno | 170 |
| Vigo | Asoc. Bidueiro | Sen datos | Lagares | |
| Vilalba | ANPA CEIP Antonio Bermúdez<br>ANPA CEIP Mato Vizoso<br>ANPA EEI de Vilalba | 50 | Madalena | 350 |
| Xinzo de Limia | Concellaría de Cultura e Mocidade | Sen datos | Limia | 100 |
| Xunqueira de Ambía | Iniciativa Xunqueira | 13 | Arnoia | 70 |
| TOTAL- 41 | 62 | 955 | 51 | 8.151 |









## 2.9: LIFE INVASAQUA

Nestes últimos anos, o Proxecto Ríos colabora coa Asociação Portuguesa de Educação Ambiental (ASPEA) na realización de diferentes proxectos e actividades. Exemplo disto foi o proxecto Erasmus+ Living River.

En 2022 colaboramos coa ASPEA na organización da II Conferencia Ibérica do LIFE Invasaqua desenvolvida en Allariz os días 5, 6 e 7 de maio de 2022 e na que participaron máis de 70 escolares de Portugal e Galicia.

As actividades realizáronse arredor do río Arnoia e nas instalacións do CEA O Rexo en Allariz. Consistiron estas actividades na recollida e identificación de macroinvertebrados, identificación de flora do bosque de ribeira e unha actividade demostrativa de pesca eléctrica realizada por persoal do departamento de Hidrobioloxía da USC.

Outra das actividades realizadas foi a presentación dos traballos que a diferentes escolas participantes desenvolveron no ámbito do LIFE Invasaqua.

Selección fotográfica:













Dentro do mesmo LIFE Invasaqua e en colaboración co Departamento de Hidrobioloxía da USC realizáronse dúas actividades relacionadas con este proxecto. Foron unha charla divulgativa para o alumnado de 1º de Bach do IES Rosaía de Castro e unha saída ao rio Sarela co alumnado do Bacharelato Intenacional.







## 2.10: Interreg DiadES

O Interreg DiasES é un proxecto no que o Proxecto Ríos-ADEGA participa como unha das entidades interesadas.

Na parte na que o Proxecto Ríos participa é aportando opinión sobre a creación dun dos materiais que servirán para divulgar o valor que os peixes migradores teñen para a sociedade e o medio natural. Trátase dun xogo educativo no que existen diferentes actores e que trata cuestións relacionadas cos beneficios ecosistémicos dos peixes diádromos.

Asistimos a unha xuntanza de traballo para avaliar o prototipo do xogo. Foi na Facultade Bioloxía da USC en xaneiro de 2022.





Na semana do 5 ao 9 de xullo desenvolveuse en Bordeux o congreso final do Proxecto Interreg DiadES no que ADEGA e o Proxecto Rios foron convidados como entidade interesada preocupada na xestión das comunidades de peixes migradores no arco atlántico. No congreso presentáronse os traballos de investigación que avaliaron o estado das poboación de peixes en Portugal, España, Francia, Reino Unido e Irlanda, que son os países socios do proxecto. Achegáronse tamén medidas para abordar a xestións destas comunidades de peixes baseadas nos beneficios ecositémicos que proporcionan.

Proxecto Ríos participou nunha sesión do xogo educativo editado como un dos materiais produto do proxecto, que pretende dar a coñecer a vulnerabilidade á que están expostas as comunidades de peixes migradores a diferentes impactos: cambio climático, pesca intensiva, contaminación, barreiras nos ríos, etc...






DiadESland

## 2.11: Proxecto '*Fluviatilis: custodia para la resiliencia*'.

Durante o ano 2021 dende ADEGA e o Proxecto Ríos en colaboración con 4 entidades estatais de custodia fluvial: Grup de Natura Freixe (Catalunya), Fundació Limne (Valencia), Red Cambera (Cantabria) e ANSE (Asociación de Naturalistas de Sureste) (Murcia), elaboramos un proxecto participativo de custodia fluvial que ten como obxectivo principal a conservación e rehabilitación de ecosistemas fluviais, aumentando a súa resiliencia ao cambio climático e a provisión de servizos ecosistémicos mediante a custodia fluvial, unha importante ferramenta para a xestión integrada do territorio. A través desta estratexia de xestión, as entidades que forman Fluviatilis, promoverán a xestión compartida dos ecosistemas acuáticos continentais desde a sociedade civil; realizarán accións para a mellora da provisión de servizos ecosistémicos (o que nos aportan os ecosistemas acuáticos); adaptarán ríos e zonas húmidas ao cambio climático mediante a aplicación de Solucións Baseadas na Natureza (SBN) e o eco-deseño; fomentarán o desenrolo da economía circular e a bioeconomía da contorna local na que se actúe y, atendendo ao disposto na Directiva Marco da Auga, integrarán á cidadanía na mellora e conservación dos ecosistemas obxectivo do proxecto.

En xullo de 2022 o proxecto foi seleccionado e conta co financiamento da Fundación Biodiversidad, a través dos fondos NextGenerationEU, para o seu desenvolvemento ate o ano 2025.

Dende o Proxecto Ríos realizaremos accións de voluntariado en varios treitos de ríos de Galiza nos que ADEGA promove a custodia fluvial con propietarios/as, concellos e administracións de xestión hidráulica: Augas de Galicia e a CHMS.







## 2.12: Co-dirección de Traballo Fin de Grao.

No curso escolar 2021/2022 a Facultade de Bioloxía da UDC ofreceu ao alumnado que remata os estudos a posibilidade de facer un traballo de fin de grao relacionado coa metodoloxía de inspeccións do Proxecto Ríos. Coordinamos así un traballo de fin de grao da alumna de Bioloxía Rebeca Santamarina Fernández, baseado no estudo da degradación de follas por parte dos macroinvertebrados bentónicos na bacía do río Eume.

A participación do Proxecto Ríos consistiu en proporcionar os materiais de inspección e acompañar nas mostraxes á alumna da UDC, que aplicou a metodoloxía do Proxecto Rios para determinar a calidade ecolóxica dos treitos de río estudados.

O TFG presentouse en xuño de 2022 e acadou un 8,6 de valoración por parte do tribunal de avaliación.

A experiencia foi moi positiva e para o curso 2022/2023 vólvese a ofrecer este traballo ao alumnado que o solicite.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Grao en Biología

Memoria de Trabajo de Fin de Grado

Degradación de hojarasca de tres especies arbóreas (*Alnus glutinosa*, *Quercus robur* y *Eucalyptus globulus*) en la cuenca hidrográfica del río Eume (Pontedeume, A Coruña) y su efecto sobre la biodiversidad de macroinvertebrados acuáticos.

Degradación do lixo foliar de tres especies arbóreas (*Alnus glutinosa*, *Quercus robur* e *Eucalyptus globulus*) na cunca hidrográfica do río Eume (Pontedeume, A Coruña) e o seu efecto na biodiversidade dos macroinvertebrados acuáticos.

Leaf litter degradation of three tree species (*Alnus glutinosa*, *Quercus robur and Eucalyptus globulus*) in the hydrographic basin of the Eume River (Pontedeume, A Coruña) and its effect on the biodiversity of aquatic macroinvertebrates.

Rebeca Santamarina Fernández

Junio, 2022







## 2.13: Comunicación

A realización das actividades do Proxecto Ríos leva emparellada unha difusión en diversas plataformas dixitais. Na actualidade, ademais do boletín mensual –Gardarríos– enviado a todos/as os/as participantes e simpatizantes do Proxecto Ríos, publícanse na web do proxecto as convocatorias, as crónicas e os álbums de fotos de todas as actividades, para que a sociedade en xeral poida facer un seguimento das accións desenvolvidas polo Proxecto Ríos. Ademais compártense no Facebook e Instagram. Nestas, envíanse fotos e comentarios que informan en tempo real das actividades que se están a facer nos diferentes ríos pola equipa do Proxecto Ríos.

A continuación preséntase unha serie de imaxes da web do Proxecto Ríos, do Gardarríos de redes sociais:

### Web do Proxecto Ríos:













INICIO
QUE É?
ACTIVIDADES
XEOVISOR
NOVAS
DESCARGAS
REDE IBÉRICA
CONTACTO
ESTADO DA ACTIVIDADE:
DATA DE INICIO:
DATA DE FINALIZACIÓN:
ORGANIZADORES:
CATEGORÍA:
CAMPAÑA DE OUTONO 2022


ESTADO DA ACTIVIDADE:
DATA DE INICIO:
DATA DE FINALIZACIÓN:
ORGANIZADORES:
CATEGORÍA:
XVII ENCONTRO DE VOLUNTARIADO


proxectoríos
INICIO
QUE É?
ACTIVIDADES
XEOVISOR
NOVAS
DESCARGAS
REDE IBÉRICA
CONTACTO
GALIZA 25 SETEMBRO 2022
15
MÓLLATE POLOS RÍOS
VOLUNTARIADO AMBIENTAL
XV LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS
PROXECTORIOS.ORG
ESTADO DA ACTIVIDADE: Actividade Rematada
DATA DE INICIO: 19/09/2022
DATA DE FINALIZACIÓN: 26/09/2022
ORGANIZADORES: Proxecto Ríos
CATEGORÍA: Limpeza Simultánea De Ríos
Limpeza
CONTACTAR
XV LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS. MÓLLATE POLOS RÍOS!


INICIO
QUE É?
ACTIVIDADES
XEOVISOR
NOVAS
DESCARGAS
REDE IBÉRICA
CONTACTO


INICIO
QUE É?
ACTIVIDADES
XEOVISOR
NOVAS
DESCARGAS
REDE IBÉRICA
CONTACTO
XXXV CURSO DE FORMACIÓN DO PROXECTO RÍOS

## Web de ADEGA:










## GARDARRÍOS:






Gardarríos Setembro 2022 | View this email in your browser

Proxecto Ríos | Proxecto Ríos | Instagram | Email

### CAMPAÑA DE OUTONO DO PROXECTO RÍOS



O **15 de setembro** deu comezo a campaña de outono do Proxecto Ríos, que se estenderá ata o 31 de outubro. Durante ese período, como xa é habitual, os grupos participantes sairán aos seus treitos de río a realizar as inspeccións para determinar o estado de saúde do río.

### SAÍDAS FORMATIVAS DO PROXECTO RÍOS



Durante as campañas de inspección ofrecemos aos grupos participantes do Proxecto Ríos a posibilidade de **solicitar unha saída formativa** na que os acompañamos na inspección do río. Trátase, xa que logo, de facer unha inspección guiada polo persoal do Proxecto Ríos.

### XV LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS




O domingo **25 de setembro** é a data que temos fixada para a realización da **XV Limpeza Simultánea de Ríos**. Esta actividade pretende concienciar á sociedade da necesidade de manter limpos de lixo os nosos cursos fluviais como premisa para garantir a súa saúde.

Gardarríos Outubro 2022 | View this email in your browser

Proxecto Ríos | Proxecto Ríos | Email | Instagram

### PROXECTO RÍOS NO LIFE INVASAQUA



Durante os últimos anos, dende o Proxecto Ríos participamos no Proxecto **Life Invasaqua** para divulgar a problemática que as especies exóticas invasoras ocasionan nos ecosistemas acuáticos. Mediante varias actividades en colaboración co **Departamento de Hidrobioloxía da USC** durante

### SAÍDAS FORMATIVAS DO PROXECTO RÍOS



Durante as campañas de inspección ofrecemos aos grupos participantes do Proxecto Ríos a posibilidade de **solicitar unha saída formativa** na que os acompañamos na inspección de río. Trátase, xa que logo, de facer unha inspección guiada polo persoal do Proxecto Ríos.
Para solicitar unha saída formativa

### XV LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS



O domingo **25 de setembro** é a data na que se realizou a **XV Limpeza Simultánea de Ríos**. Esta actividade pretende concienciar á sociedade da necesidade de manter limpos de lixo os nosos cursos fluviais como premisa para garantir a súa saúde.
Como todos os anos, convocouse

Gardarríos Novembro 2022 | View this email in your browser

Proxecto Ríos | Proxecto Ríos | Email | Instagram

### PROXECTO RÍOS NO LIFE INVASAQUA



Durante os últimos anos, dende o Proxecto Ríos participamos no Proxecto **Life Invasaqua** para divulgar a problemática que as especies exóticas invasoras ocasionan nos ecosistemas acuáticos. Mediante varias actividades en colaboración co **Departamento de Hidrobioloxía da USC** durante os meses de setembro e outubro realizamos actividaes de divulgación desta problemática. Foi no campo de voluntariado para a eliminación de EEI no río

### REMATA A CAMPAÑA DE OUTONO DO PR



O **15 de novembro** rematou a campaña de inspeccións correspondente ao outono.
Durante o mes de decembro e o primeiro trimestre de 2023 procesaremos a información das inspeccións deste ano 2022 para elaborar o informe anual do Proxecto Ríos. Pedímosvos, como sempre, que nos enviedes os resultados das mesmas, que podedes facelo a través do e-mail ou a través do Xeovisor do Proxecto Ríos.
Agradecervos unha vez máis o

### RÍOS E PRAIAS SEN PLÁSTICO




ADEGA asinou este ano un convenio co concello de A Coruña denominado "**Preservación dos mares e ríos. Limpezas ecolóxicas**". O programa de actividades complétase coa organización dunha [illegible] **sobre limpezas ecolóxicas nos ecosistemas fluviais e litorais** o **25 de novembro**, coincidindo coa Semana Europea de Prevención de Residuos. Neste encontro destinado a todo tipo de públicos, participarán especialistas na

## Facebook:

**Proxecto Ríos**
15 de marzo ·

Hoxe achegarnos ate o río Con, en Vilagarcía de Arousa, para facer unha recollida de lixo e identificación de invertebrados coa Asociación BATA.
#unimosríosepersoas



**Proxecto Ríos**
19 de abril ·

Hoxe fixemos unha saída co Ceip Cabada Vázquez de Codeseda (A Estrada) no rego da Rigueira.
#unimosriospersoas



**Proxecto Ríos**
3 de mayo ·

Hoxe pola tarde tocou inspección no río Gallo co alumnado do CPI de Cuntis
#unimosríosepersoas




**Proxecto Ríos**
10 de mayo ·

Hoxe tivemos inspección do Proxecto Ríos no río Almofrei co CEIP de Carballedo (Cotobade)
#unimosriosepersoas
#campañadeprimavera



**Proxecto Ríos**
12 de mayo ·

Inspección no rego de Cabancas en Cerceda co CPI o Cruce
#unimosriosepersoas





**Proxecto Ríos**
19 de mayo ·

Inspección no Lagares coa Asociación Érguete Vigo
#unimosriosepersoas










**Proxecto Ríos**
24 de mayo ·

Hoxe o Proxecto Ríos participou na celebración do día mundial dos peixes migradores en colaboración co departamento de Hidrobioloxía da USC que desenvolve o Proxecto Interreg DiadES. Visitamos o coto de Ximonde, as pesqueiras do río Ulla e a escala de peixes de Xirimbao. Puidemos así coñecer por unha banda o valor que as especies de peixes migradoras teñen para os ecosistemas fluviais e por outra, as ameazas ás que están sometidas.



**Proxecto Ríos**
25 de mayo ·

Inspección co CEIP Mestre Xixirei de Santiago no río Sionlla
#unimosriosepersoas









**Proxecto Ríos** ha creado un **evento**.
19 de julio ·




LUN., 19 SEP.
**XV Limpeza Simultánea de Ríos**
18 personas interesadas

13

Me gusta · Comentar · Compartir

**Proxecto Ríos**
12 de noviembre a las 15:01 ·

Hoxe tocoulle ao alumnado de CC. ambientais da UNED de Pontevedra coñecer a metodoloxía de inspección do Proxecto Ríos #unimosriosepersoas




**Proxecto Ríos**
11 de noviembre a las 21:59 ·

Estivemos co alumnado do CPI Fonte Díaz de Touro estudando un treito do río Lañas




**Proxecto Ríos**
21 de septiembre ·

O vindeiro sábado 1 de outubro temos en Lugo o XXXV Curso de formación do Proxecto Ríos que desta volta adicaremos ao mexillón de río e a identificación dos macroinvertebrados biondicadores dos cursos fluviais.
Será na UNED e as prazas son limitadas. Participa!

#unimosríosepersoas



**Proxecto Ríos**
14 de junio a las 14:33 ·

Proxecto Ríos chega á maioría de idade

ADEGA e Augas de Galicia renovan a cooperación para promover o coñecemento e coidado dos recursos fluviais do país a través do 'Proxecto Ríos'

Máis info:... **Ver más**




**Proxecto Ríos**
25 de abril ·

Hoxe en sesión de mañá e tarde de inspección no río Lagar, no Campus da UDC.
#unimosríosepersoas






# 3. Materiais editados

Todos os anos, no Proxecto Ríos, edítanse diferentes tipos de materiais que complementan e reforzan as actividades que dende a organización se propoñen. A maioría destes materiais son divulgativos e complementan os materiais que o voluntariado emprega nas súas inspeccións. Outros, son sobre as actividades que se organizan, sobre todo carteis divulgativos ou dípticos. Tamén corresponden á renovación de materiais de inspección que emprega o voluntariado.

**CALENDA-RÍO 2022:** Como todos os anos ao comezo do mesmo elaborase un calendario, que se achegou a todos/as participantes co obxectivo de informar das actividades previstas para ese ano. Desta volta o Calendarío 2022 estivo dedicado a ríos salientables de Galicia.

**Vídeos divulgativos do Proxecto Ríos:** Durante o 2021 e o primeiro semestre de 2022 realizáronse gravacións de imaxes recurso para a edición dunha serie de vídeos divulgativos que ilustren a metodoloxía de inspección do Proxecto Ríos, co obxectivo visibilizar as inspeccións de río. Os vídeos poderanse ver na canle de Youtube do Proxecto Ríos.

**Carteis divulgativos**: para cada actividade que se programa na que asiste o voluntariado participante, edítanse cartaces divulgativos.

## ALGÚNS DOS MATERIAIS EDITADOS:

## CalendaRío 2022:



## Vídeos divulgativos do Proxecto Ríos:




Enlace para ver o vídeo: [https://youtu.be/naVMiyccfQE](https://youtu.be/naVMiyccfQE)

## Carteis divulgativos:















**Fichas de inspección:**






## Persoal asignado a o Proxecto Ríos

A equipa do Proxecto Ríos está formada polos/as seguintes Educadores/as Ambientais e persoal traballador de ADEGA:

- Ramsés Pérez Rodríguez. Licenciado en Pedagoxía. Responsable dos contidos educativos do Proxecto Ríos.
- Francisco Bañobre González. Licenciado en Bioloxía, responsable de grupos do Proxecto Ríos.
- María Amigo Regueiro. Graduada en Bioloxía, educadora ambiental de ADEGA.
- Belén Rodríguez Fernández. Licenciada en Xornalismo. Responsable de comunicación.
- Fins Eirexas Santamaría. Licenciado en Xeoloxía. Secretario técnico de ADEGA.
- Lucía Álvarez Anido. Licenciada en Ciencias Ambientais, educadora ambiental de ADEGA.

## Iniciativa de:

A D E G A

## Co financiamento de:

augasdegalicia

XUNTA DE GALICIA